

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa da obra de “MELLORA REDES VIARIAS NAS PARROQUIAS DE GÁNDARA, OROSO, TRASMONTE E VILLARROMARIZ” incluída no POS 2010 (expediente de contratación nº 2010/011).

CONSIDERANDO as proposicións económicas e técnicas presentadas no prazo polos licitadores e valoradas pola mesa de contratación consonte o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.

LOGO DE VER a proposta da mesa de contratación, o día 23/06/2010 pola que se propón adxudicarlle o contrato á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A”, por ser a mellor oferta presentada para o Concello de acordo cos criterios de adxudicación.

No uso das facultades que me confire a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO:**


**Primeiro.-** Adxudicarlle provisionalmente o contrato de obra “MELLORA REDES VIARIAS NAS PARROQUIAS DE GÁNDARA, OROSO, TRASMONTE E VILLARROMARIZ” incluída no POS 2010, a Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A, por ser a mellor oferta para o Concello, polo prezo de 99.199,38 euros (IVE incluído).

**Segundo.-** Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante e notificarlles o presente acordo aos demais licitadores e ao adxudicatario para os efectos de constitución da garantía definitiva dun 5% do prezo global de adxudicación, IVE excluído, e da presentación da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, se para acreditar o cumprimento das ditas obrigas se optase inicialmente pola presentación dunha declaración responsable.

Oroso, 30/06/2010

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



Ante min, secretario

Dalmiro Nuñez Méndez

